



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE O ROSAL PARA A EXECUCIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO NO PARQUE INFANTIL E DEPORTIVO DE PÍAS

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de O Rosal encádrase na que, de xeito continuado, ven realizando a Consellería coas entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e actuacións en materia de contornas urbanas. Pola súa finalidade, esta actuación esta comprendida dentro do obxectivo estratéxico “**Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma**”

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: “**Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma**”.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de O Rosal o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2017.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de O Rosal, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a





actuación consistente na execución do “**alumeado público no Parque Infantil e Deportivo de Pías**”.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de O Rosal trata de promover unha actuación consistente na execución do “**alumeado público no Parque Infantil e Deportivo de Pías**”.

O Plan *hurbe* 2014-2017 está incardinado nunha acción global da Xunta en clave de complementariedade con outras accións de equilibrio territorial, tales como o Plan MOVE, de mellora da mobilidade e accesibilidade dos galegos e das galegas, ou as axudas outorgadas aos entes locais para o desenvolvemento de diversos servizos da súa competencia.

O concello solicita colaboración económica, a través dun convenio, para dotar ao núcleo dunha infraestrutura necesaria, que complementará as dotacións dos equipamentos públicos municipais existentes, mellorando deste xeito os servizos que o concello ven prestando en materia de accesibilidade, seguridade peonil e equipamentos municipais.

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: “**Posta en valor do plan *hURBE* en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma**” contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2017.

Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.- P.D. Resolución do 19 de outubro de 2017 a Subdirectora de Ordenación do Territorio, María Gil Liñares

